

Abracadabra Nº 34

MÚSICA MESTRE!!!

PASATEMPOS:
CHISTES, POESÍA, SOPA DE LETRAS ...

GALERÍA DE FOTOS

RECEITA

QUE CANCIÓN ESTÁ SOANDO?

QUE HAI DE NOVO ...?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL



MÚSICA MESTRE




Mi – mi – miiii. Do – mi – sol... Ola!!! Estaba cun traballo para o cole. Si. Acertastes. É un traballo de música. Ao principio non sabía moi ben sobre que aspecto da música escribir. Así que, como adoito facer nestes casos, decidín empezar pola definición de música. Pero nesta ocasión, en lugar de ir ao dicionario da RAE, optei por preguntarllo á xente. Pois ben, o que saquei en conclusión é que aínda que todo o mundo sabe o que é a música, o feito de expresalo con palabras non é tan sinxelo. E, como moito, fálanche dos seus elementos: melodía, ritmo, harmonía, repetición,...

Repetición... Sabiades que a 2ª, 3ª,... vez que se experimenta algo gusta máis que a primeira vez? E pasa con todo tipo de estímulos: sabores, cheiros, caras, música... É o que se chama o "efecto de simple exposición". Almudena M. Castro di que isto se produce porque o cerebro recoñece, séntese listo e iso gústalle. Poida que pensedes que non vén a conto, pero si. Pensade nas apegadizas cancións do verán. Baséanse en repetición de ritmos e melodías que conseguen que o cerebro as repita unha e outra vez, entrando en bucle e así, non sexa capaz de saír. E sen ir tan lonxe, poida que a repetición sexa algo clave para precisar o que percibimos como música. É algo para pensar...

Pero agora, apetécame máis centrarme nos distintos estilos musicais. Hai unha chea: clásico, rock, pop, jazz, blues, hip hop, funky, reague, indie, folk, country,... O feito de que existan tantos estilos terá que ver coa personalidade? Afectará as notas? E ao rendemento deportivo?... Pois a verdade é que hai estudos para todos os gustos. Cóntovos:

Segundo os resultados dun estudo que fixo Virgil Griffith, as cualificacións máis baixas sacábanas quen escoitaba Hip Hop e Reggaeton e a artistas como Lil Wayne, The Used, Beyoncé ou Jay-Z. Os que sacaban notas máis altas, escoitaban a Beethoven ou grupos como U2, Counting Crows, The Shins, Bob Dylan,... En canto ao alumnado que non destacaban nin por notas altas nin baixas, tiñan gustos musicais do tipo de Pearl Jam, System of a Down, AC/DC, Oasis ou The Doors. Isto é fiable? Pois que eu saiba, non existen evidencias científicas que aseguren que haxa música que nos faga máis listos ou menos. Ademais un estudo por si só non di nada, habería que contrastalo e estar seguros de que os resultados non se deben a outros factores. Aínda que, hai quen di que escoitar música clásica, jazz, blues e tecno favorece a concentración mentres estudamos ou lemos materias como Historia ou Literatura.

No que respecta ao rendemento deportivo, tamén atopei algunha cousiña. Hai estudos que din que practicar golf escoitando jazz fai que sexa máis doado que a pelota entre no foxo con menos golpes. No mesmo sentido, melloraremos os nosos resultados se practicamos baloncesto a ritmo de hip hop, béisbol con música de banda, ximnasia rítmica con música clásica ou fútbol con música electrónica. Aínda que, que pasa se esa música non che gusta? Outra vez, os estudos non son concluíntes, aínda que todos concordan en que a música reduce a percepción de esforzo e por tanto a sensación de fatiga, axuda a sincronizar os movementos co seu ritmo, conseguindo máis eficiencia nos movementos e así mellora a resistencia e ademais, mellora a motivación. Iso si, sempre que a música elixida sexa a música que che gusta.



Pero, e a personalidade? Son os nosos gustos os que definen a nosa personalidade, ou é a nosa personalidade a que fixa os nosos gustos? Pódese saber como é alguén polo tipo de música que escoita? Como adiviariades, non faltan estudos que opinen respecto diso.

Así, por exemplo, segundo Adrian North, os amantes do:

- * rock e heavy: son persoas creativas e sofisticadas, introvertidas e coa autoestima un pouco baixa.
- * Pop: son extravertidos, coa autoestima alta, educados e activos, pero nada creativos.
- * Rap: son sociables, independentes, bos negociadores e seguros de si mesmos.
- * Clásica: son introvertidos pero coa autoestima alta, creativos e cun alto nivel cultural.
- * Música independente: teñen baixa autoestima, moita creatividade e falta de concentración.
- * Música electrónica: adoitan ser tranquilos, sociables, creativos e estables. Adoita ser a música preferida dos programadores informáticos.
- * Reggae: son persoas creativas, ben educadas, boas e optimistas pero non lles gusta moito traballar.
- * Jazz, blues e soul: adoitan ser sociables, activas e seguras de si mesmas.

Uhhmmm.... Non sei.... a min todo isto dáme moito que pensar... Seica, non podería ser que os nosos gustos musicais dependan da época e do lugar onde nos tocou vivir, así como das modas ás que estamos expostos?

En fin... creo que non me vou complicar e ao final o traballo vouno facer do círculo de quintas e xa está. Agora voume coa música a outra parte... ha, ha, ha, ha, que é a hora de comer, e xa hai un intre que me chamou miña nai. Hoxe teño spaghettis. E vounos comer mentres escoito a Pavarotti, a ver se é certo que así saben mellor...

Vémonos no próximo número!!!



PASATEMPOS

POEMA

E, Juan Fran Pazos, deixounos este poema que nos lembra que en maio festexamos o Día das Letras Galegas.
Animádevos a escribir todos algo para este día.

Nosa terra,
Galicia querida,
Eu de paso,
douche a benvinda.

Cidades perdidas,
cidades afundidas.
Catedrais xigantes,
fermosas e galantes.

Amor pola terra,
amor polo mar.
Amor pola brisa,
que quere xogar.

Paxariños de cores,
campos con flores.
Moitas galerías,
flamantes, surxidas.

Vouche falar,
da miña Galicia
e o seu cantar.
Bicos fermosos,
grandes e ruborosos.

ADIVIÑA

Ah!!! E unha adiviña moi musical.

Tengo una caja de música y estas palabras:
camisa, guitarra, dominó, ordenador, novela,
remo, cuadro, pegatina, residuo
¿Cuáles entran y cuáles no?

(Camisa, dominó, novela, remo y residuo (algunas de sus sílabas es una nota musical))

(Antía Monteagudo)

CHISTES

Aquí tedes os chistes que estabades agardando para rir a esgalla:

- Doctor, doctor.....dígame la verdad,
¿después de la operación podré tocar la guitarra ?
- Si hombre, perfectamente.
- Que bien !!! porque antes no sabía.
(Pablo López)

- Papá, en el cole me llaman rumbero.
- ¡Caramba!
- ¡Caramba, carambita, carambirulí!
(Irene Castro)

Llega una niña a su casa y le pregunta a su madre:
- Mamá, mamá. Hay un señor gritando en la calle.
¿Tienes algo de dinero para darle?
- Sí, hija. Y ¿qué es lo que grita?
- Helados, helados. Vendo helados.
(Nerea Monteagudo)

SOPA DE LETRAS

Por último, para os que queirades comprobar a vosa rapidez visual aquí vos deixamos unha sopa de letras:

Localiza 12 instrumentos musicais e forma a túa banda.

V	I	O	L	I	N	B	O	N	E
A	G	P	I	A	N	O	L	E	B
T	O	U	X	R	U	M	U	B	A
R	S	D	I	A	L	B	G	O	T
O	S	I	X	T	B	O	N	Q	E
M	A	Z	I	U	A	C	A	A	R
P	I	A	O	A	I	R	I	T	I
E	V	U	X	R	X	L	R	I	A
T	U	B	A	F	O	E	T	A	D
A	H	E	S	I	P	U	O	G	I

GALERÍA DE FOTOS



QUÉ CANCIÓN ESTÁ SOANDO?

E por se non sabedes que canción está a soar, aquí vos deixamos algunhas aplicacións para recoñecer música:

- **Shazam:** identifica cancións en segundos e podemos seguir as súas letras en tempo real.
- **SoundHound:** recoñece cancións, mesmo se as cantamos ou cantaruxamos e tamén permite ver as letras en tempo real.
- **TrackID de Sony:** recoñece a música.
- **WhoSampled:** identifica a canción que estamos a escoitar, pero se xa sabemos cal é a canción, podemos ver se usa algún "sample" doutra canción, é dicir, se foi versionada ou remesturada. Así sacarate de dúbidas se pensas que esa música a escoitaches antes noutra canción.
- **Music Identification:** recoñece a música que está a soar e amosa a canción detectada co vídeo musical
- **Music ID:** é a app de iPhone para identificar música.



Deseño:MaizCreativos

RECEITA

Para a comida chinesa, o mellor é escoitar pop e, segundo Charles Spence (psicólogo da Universidade de Oxford), a canción **Blank Space de Taylor Swift** é unha elección perfecta.

SAN CHOY BAO

CHINA San choy bao (traducido sería "delicias de lechuga") es un platode carne de cerdo picada. Suele incluirse en los grandes banquetes, pero es ideal para una comida ligera. Si no quieres utilizar cubiertos, puedes coger los nidos de lechuga y comértelos con las manos como una hamburguesa.



- 1- Calienta los aceites de cacahuete y sésamo en una satén grande antiadherente a fuego medio. Incorpora el ajo, el jengibre y las cebolletas y saltea en la satén unos 2 minutos. Añade la carne de cerdo y deja dorar, deshaciendo cualquier grumo con un tenedor o cuchara de madera
- 2- Incorpora el pimiento, las castañas de agua, las salsas de soja y de ostra y el caldo. Deja cocer a fuego medio hasta que se reduzca y se espese. Mantén caliente.
- 3- Con unas tijeras de cocina, corta las hojas de lechuga para darles forma de taza, y colócalas en cuencos o en un plato. Con una cuchara, llena las hojas de lechuga con la mezcla de carne de cerdo y sirve.

PARA 4 PERSONAS

- . 1 cucharada de aceite de cacahuete
- . 1 cucharadita de aceite de sésamo
- . 1-2 dientes de ajo machacados
- . 1 cucharadita de jengibre fresco rallado fino
- . 4 cebollas picadas
- . 500grs de carne picada de cerdo
- . 1 pimiento rojo, sin semillas ni membrana y cortado en daditos
- . 220grs de castañas de agua en lata, escurridas y cortadas.
- . 1-2 cucharadas de salsa de soja
- . 1 cucharada de salsa de ostras
- . 2 cucharadas de caldo de pollo
- . 4 hojas de lechuga iceberg

Esta e outras receitas do mundo podédelas consultar no libro "**YO quiero ser chef : cocinas del mundo : más de cien recetas sabrosas y fáciles de hacer para pequeños y grandes.**" -- Barcelona : Juventud, 2013", dispoñible na biblioteca.

QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** Chega a primavera e con ela unha chea de celebracións: en abril, o día 2, "**Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil**" e o 23, "**Día do Libro**" e en maio, o 17, "**Día das Letras Galegas**". Celebrarémolos con talleres abertos para todas as idades no vestíbulo da Biblioteca. Esperámosvos!

* **VI concurso "Palabras de amor" 140 en positivo.** Inventa unha mensaxe motivadora, de apoio ou alegría cunha extensión máxima de 140 caracteres. Podes participar deixándoa na Biblioteca ou nas nosas redes sociais. A persoa gañadora recibirá de premio unha tableta. Infórmate na Biblioteca.


* **Obradoiros de pintura.** Talleres dunha semana de duración para elixir nas vacacións de verán. Comenza o prazo de inscrición no mes de xuño. Infórmate na biblioteca.

* Xa podedes facer as vosas **reservas e renovacións** dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>. É moi sinxelo, accede ao catálogo da biblioteca e busca "acceso á miña conta" e inicia a sesión introducindo o teu nome e apelido e o número de usuario da biblioteca e xa podes reservar e renovar. Lembra que tes que ter o carné en vigor, e non ter obras co prazo de devolución finalizado.

* **FINALIZAMOS EN ABRIL CO BONOLIBRO!** Parabéns a todas as persoas que o conseguiron e aos que vos falta pouquiño, ánimo!... Unha vez rematado podedes gozar de todas as súas vantaxes: ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e preferencia á hora de anotarse nas actividades.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>



Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

Sección Infantil e Xuvenil

R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña. Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008